



.....

Xornada

Migracións, asistencia social e igrejas na Europa da posguerra

.....

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
23 e 24 de maio de 2024



Nunha Europa da posguerra caracterizada pola numerosa poboación desprazada por motivos políticos e económicos, as diversas confesións trataron de ofrecer os seus servizos para velar polo coidado de emigrados e refuxiados. Seguindo o ronsel dos cuáqueros e do American Friends Service Committee, premiado en 1947 co Nobel da Paz, a Igrexa católica conformaría nos anos seguintes algunhas iniciativas consagradas especificamente a esa tarefa, como a fundación en 1951 da International Catholic Migration Commission (ICMC) ou a promulgación ao ano seguinte da constitución apostólica *Exsul Familia*. A iniciativa dalgúns dirixentes republicanos e bispos franceses para ofrecer auxilio aos exiliados católicos españois tivera como resposta en 1949 unha primeira chamada de atención da Igrexa española respecto aos «seus» emigrados. Dous cardeais de orixe galega, Fernando Quiroga Palacios e Benjamín de Arriba y Castro, exercerían como primeiros presidentes da Comisión Episcopal de Emigración, constituída oficialmente en 1954, dous anos antes da fundación do Instituto Español de Emigración. En 1958, a XVIII Semana Social de España, realizada en Vigo, centraría toda a súa atención nos «problemas da emigración española»; ao ano seguinte, na mesma cidade, tería lugar o XIII Congreso Internacional do Apostolado do Mar, mentres que na Coruña se realizaría o II Congreso Nacional de Emigración. Só uns anos despois, a dinámica posconciliar manifestaría un notable cambio de perspectiva respecto ao fenómeno migratorio, que, incidindo na reivindicación social e política, acabaría xerando conflitos entre a Igrexa e o réxime ditatorial. Así, o papel relevante xogado por Galicia no ámbito migratorio pode constatarase no contexto eclesiástico, tanto polas súas repercusións nas diversas comunidades da emigración española como polas súas redes de conexión co acontecido neses anos naquela Europa da longa posguerra.

Imaxe da portada: Arquivo da Emigración Galega. Fondo: Comisión Diocesana de Lugo. Sección Emigración, 1957.

Programa

23 DE MAIO

Sesión da mañá

10:00 horas
Presentación

**IGREXAS E POBOACIÓNS
DESPRAZADAS NA EUROPA DA
POSGUERRA**

10:30 horas
*A Santa Sé e o problema dos
refuxiados en Italia*
Matteo Sanfilippo, Università della
Tuscia

11:30 horas
*Refuxiados, conversións e a Diocese
Latina de Xerusalén, 1946-1956*
Maria Chiara Rioli, Università degli
Studi di Modena e Reggio Emilia

12:30 horas
Pausa

13:00 horas
Debate

14:00 horas
Peche da sesión da mañá

Sesión da tarde

**IGREXAS E ASISTENCIA SOCIAL NA
EMIGRACIÓN A FRANCIA NA
POSGUERRA**

16:00 horas
*Igrexa e asistencia social na
emigración española a Francia*
María José Fernández Vicente,
Université de Bretagne Occidentale

16:45 horas
*Igrexa e migración a Europa na
Galicia dos anos cincuenta*
**José Ramón Rodríguez Lago e Luís
Domínguez Castro**, Universidade de
Vigo

17:30 horas
Pausa

18:00 horas
*Solidariedade e humanitarismo: a
asistencia dos cuáqueros aos
refuxiados en Francia*
Gemma Caballer Albareda,
Universitat de Barcelona

18:45 horas
*Ora et labora, capeláns e relixiosas
entre os emigrantes españoles en
Bélxica*
Ana Ponce Nieto, doutora pola UNED

19:30 horas
Debate

20:00 horas
Peche da sesión da tarde

Programa



24 DE MAIO

Sesión da mañá

**GALICIA, A IGREXA E A
EMIGRACIÓN NA EUROPA DA
POSGUERRA**

9:30 horas

*Igrexa e asistencia social na
emigración portuguesa a Francia*
Victor Pereira, Universidade Nova de
Lisboa e Université de Pau

10:15 horas

*O relato da emigración europea nos
católicos galegos dos anos sesenta*
Xosé Luís Pastoriza, Universidade de
Santiago de Compostela

11:00 horas

Pausa

11:30 horas

*Igrexa e asistencia social na
emigración galega a Suíza*
Luis Calvo Salgado, Universität Zürich

12:15 horas

*Entre os desexos de integración e a
procura dunha voz propia. Os
emigrantes españoles e a Juventud
Obrera Cristiana en Europa durante o
segundo franquismo*
María José Esteban Zuriaga, Centro
Universitario de la Defensa de
Zaragoza

13:00 horas

Debate

14:00 horas

Peche das xornadas

Organiza

Arquivo da Emigración Galega (CCG)
Consello da Cultura Galega

Coordinan

Luis Domínguez Castro
José Ramón Rodríguez Lago

Lugar

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

Inscripción

A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado (100 persoas).
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Máis información

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

.....

Organiza:

